



## ADMINISTRACIÓN LOCAL

### MUNICIPAL

#### SADA

##### Secretaría

*Segunda convocatoria para a provisión en propiedade, polo sistema de concurso-oposición, en quenda libre, dunha praza de técnico de deportes correspondente á oferta de emprego público para estabilización do ano 2022*

**Nova convocatoria de proceso selectivo para a provisión en propiedade dunha (1) praza vacante de funcionario de carreira da Escala de Administración Especial Subescala Técnica, denominación: técnico de deportes (OEPE 2022)**

Esta alcaldía por resolución de data 30-12-2024 aprobou convocar novamente o proceso selectivo para a provisión en propiedade dunha (1) praza de persoal funcionario de carreira da Escala de Administración Especial, Subescala Técnica (Grupo B de clasificación), denominada: técnico de deportes, vacante no cadro de persoal e incluída na Oferta de Emprego Público de estabilización (OEPE) consonte á Lei 20/2021 de medidas urxentes para a redución da temporalidade no emprego público (BOP núm.100, 27-5-2022), mediante o sistema selectivo de concurso-oposición en quenda libre.

E aplicarlle á dita convocatoria:

- as bases específicas e as bases xerais dos procesos selectivos para o desenvolvemento da oferta de emprego público para o concello de Sada de estabilización do ano 2022, aprobadas ambas pola resolución de alcaldía núm.2107/2022, do 27 de decembro, (BOP núm.247, do 30-12-2022)

- as correccións das bases xerais e específicas aprobadas por: resolución de alcaldía núm.8/2023, do 2 de xaneiro (BOP núm.6, do 10-1-2023) e resolución de alcaldía núm.1038/2023, do 26 de maio (BOP núm.104, do 2-6-2023)

O que se publica para coñecemento xeral

Sada, 30 de decembro de 2024

O alcalde.: Óscar Benito Portela Fernández

2024/9460